



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O CATORCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

No salón de sesións da Casa do Concello de Ponteceso ás 20 horas do día 14 de setembro de 2023 reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, baixo a presidencia de D. José Manuel Mato Martínez, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada en legal forma para tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria

ASISTENTES:

Presidente

José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS:

Partido Popular (PP)

María Josefa Álvarez Bugallo
Constantino Fernández Vila
José Luis Pena Romay

Partido Galego (PG)

Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

Agrupación de electores Adiante por Ponteceso (AxP)

Roberto Alexandre Andrade de Santiago

Partido PSdeG-PSOE

Xosé Lois García Carballido
Noelia María Varela Suárez
José Manuel Nuñel Costa
Consuelo Martínez Lema

Espazo Común (APIN-ESCO)

José Manuel Pose Verdes

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Fátima Rodríguez González

AUSENTES:

Secretario accidental: Emilio Caínzos Quintás

Interventor: Francisco Javier Ulloa Arias



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O presidente declara aberta a sesión despois de comprobar que o quórum é conforme co establecido nos artigos 39 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) e 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O presidente toma a palabra e di que a convocatoria desta sesión está motivada polo escrito dos membros do grupo municipal PSdeG-PSOE no que solicitan a convocatoria dun pleno extraordinario (núm. de rexistro de entrada 202300000001617, do 31 de agosto).

Á vista do presentado polo PSdeG-PSOE, non hai acordo a adoptar ao non existir parte resolutive e ser competencia da alcaldía a formación do proxecto de orzamento municipal que deba elevarse ao Pleno para a súa aprobación. No escrito presentado se insta ao alcalde a convocar unha xuntanza co resto dos grupos políticos co obxectivo de acadar acordos para adoptar medidas de natureza económica para obter financiamento para recuperar as actividades deportivas, convocar programas de subvencións de concorrencia competitiva 2023 destinadas ás entidades culturais e clubs deportivos e colaborar coas comisións de festas e outras entidades que organicen eventos. O alcalde ten a competencia, atribuída polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, LBRL, de convocar e presidir as sesións do Pleno, consonte ao artigo 40 do ROM, establecendo baixo que epígrafe ten que figurar, igual no artigo 82 do ROF, polo tanto corresponde ao alcalde convocar as sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno e fixar a orde do día asistido polo secretario. A solicitude presentada “insta” polo que evidentemente trátase dun prego, non dun acordo resolutorio a adoptar.

Vaise aplicar o ROM, o cal no seu artigo 54.1 define os mesmos e establécese que no seu debate poderán dar lugar a unha intervención do concelleiro que os formulara e outra intervención para respostar, e a continuación o concelleiro que propón poderá facer novamente uso da palabra e logo doutra intervención o debate rematará. Ningunha destas intervencións poderá exceder de dous minutos.

1.- PRIMEIRO E ÚNICO PUNTO.- Prego do PSdeG-PSOE no que se insta ao Sr alcalde a convocar unha xuntanza co resto dos grupos políticos co obxectivo de acadar acordos para adoptar medidas de natureza económica para obter financiamento para recuperar as actividades deportivas, convocar programas de subvencións de concorrencia competitiva 2023 destinadas ás entidades culturais e clubs deportivos e colaborar coas comisións de festas e outras entidades que organicen eventos.

O presidente pregunta ao voceiro do PSdeG-PSOE quen dos catro asinantes vai dar lectura o seu prego e a súa defensa.

O voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. García Carballido, indica que será el mesmo e comeza a súa intervención:

O Goberno local do Concello de Ponteceso ven contando na presente lexislatura co apoio do grupo socialista nas medidas de suplementos de crédito para garantir o mantemento dos servizos públicos e os pagamentos a provedores. Sen embargo, a iniciativa na redacción e xestión do orzamento municipal é competencia do Alcalde. O Goberno local ven demostrando unhas políticas de recorte dos fondos destinados ao fomento do deporte, así como á celebración de eventos nas parroquias de Ponteceso en colaboración co asociacionismo cultural e deportivo, e as comisións



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

de festas. Esta austeridade no gasto non se corresponde co aumento do gasto político, porque este goberno optou por aprobar unhas dedicacións políticas que non existían nos últimos tres anos, aprobando incluso a contratación dun cargo de confianza ou asesora que non ten nin sequera un Concello moito máis grande como o de Carballo. Todo o cal demostra que a austeridade é para os demais, non para un mesmo. O Goberno local cae na profunda contradición de pagar un soldo mensual ó concelleira de Deportes mentres fai recortes na área.

Estes recortes e a falla de interese do Goberno local, provocaron unha importante caída da actividade de fomento da vida saudable polo Concello de Ponteceso. Despois de 17 anos, cancelaron a ruta ciclo-turista de Corme. Non puxeron en marcha a escola de kayak e pádel surf que prestaba servizo na praia do Ósmo en Corme en xullo e agosto, e non vemos ningún anuncio de que se vaia iniciar no paseo fluvial de Ponteceso nos restantes meses de ano. Tampouco hai anuncio de inicio da Escola Social Municipal de Música. Este verán tampouco houbo curso de vela en Corme como o verán pasado. O Concello non amosou interese pola celebración do Certame Internacional de Pintura Fernando Álvarez e Sotomayor.

Sen embargo, o que é máis grave é o anuncio realizado polo Sr alcalde en sesión plenaria celebrada, en canto a non convocar no presente ano 2023 as subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a entidades culturais e deportivas do noso municipio, que o ano pasado case acadaron os 60.000 euros de transferencias ás entidades de Ponteceso, incluso co cincuenta por cento de adianto. Ante a situación que se está a provocar ás asociacións culturais e deportivas locais, esiximos esta convocatoria de Pleno, á maior brevidade posible, pola urxencia de poñer en marcha as actuacións propostas por este Grupo Municipal pola vía do diálogo e o acordo entre os grupos. Está sobradamente xustificada, xa que logo, a convocatoria dun pleno extraordinario para evitar a situación de desamparo na que deixa aos afeccionados ao deporte e ao tecido asociativo e cultural do noso Concello, coa seguinte proposta de ACORDO ÚNICO:

“O Pleno Municipal do Concello de Ponteceso insta ao Sr alcalde a promover, de xeito urxente, a seguinte actuación: Convocar unha xuntanza co resto de grupos políticos co obxectivo de acadar acordos que desemboquen na adopción de cantas medidas de índole económico sexan precisas para a obtención de financiación para recuperar todas as actividades deportivas suprimidas, a convocatoria dos correspondentes programas de subvencións de concorrencia competitiva 2023 dirixidas a entidades culturais e entidades e clubs deportivos do Concello de Ponteceso, e a colaboración coas comisións de festas e outras entidades locais para a celebración de eventos. No caso das axudas ás entidades, na reunión cos grupos tratarase de conseguir un acordo dos grupos para a dotación das referidas partidas orzamentarias de igual ou superior contía que as ofertadas no pasado exercicio 2022, incluído a posibilidade de anticipar o cincuenta por cento da cantidade concedida, para aquelas entidades que así o soliciten, tal e como se viña facendo no ano 2022.”

O alcalde-presidente intervén e di: Vostede aireou que ía dar os 100 días de graza a este goberno, pois nin iso dou, aos dous meses e pouco xa tiña solicitado este pleno. Encontramos pouco máis de 2.000.000 de euros nas contas correntes, que vostedes, no mesmo día da investidura, publicaron nas redes sociais e nos medios de comunicación e nós entendíamos nese intre que eran suficientes para levar a cabo o noso proxecto. Comezamos o 19 de xuño e cando íamos a tomar decisións a realidade era outra con facturas pagadas por medio dun préstamo pendente de devolver e pendentes de aplicar ao orzamento, débedas con provedores pendentes de pagamento e que a tesourería cifrou neste informe emitido (o exhibe) en máis de 1.650.000 euros. Gasto descontrolado neste exercicio con un só motivo, gañar as eleccións. Cabe destacar as seguintes:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Pista polideportiva no parque de Ponteceso por 48.112,02 sen crédito, sen proxecto e sen autorizacións sectoriais e dicir sen procedemento; soportes para colectores, primeiro a unha empresa por importe de 3.161,28 euros e ao non pagarlle e negarse a subministrar máis, a outra polo importe de 15.972 euros; alumeado público de nadal, do que tanto ten presumido, por máis de 70.000 euros; no ximnasio pola subministración de equipamento, máis de 25.000 euros pendentes; facturas dos últimos meses de La Voz de Galicia por importe superior a 3.000 euros; festa marisqueira con facturas superiores aos 50.000 euros; contratos asinados por vostede para a Festa do Percebe o día 13 de xuño, e con condicións tan significativas nas súas cláusulas como calamares, empanada, froita fresca, refrescos e zumes para 12 persoas e 2 horas antes dos concertos disporán de 1 botella de Jack Daniels, 2 botellas de xenebra, 15 tónicas e 15 coca colas, todo isto o asinou vostede, pero non se acordou da seguridade, da limpeza e doutros aspectos da festa. Carpas sen pagar dos últimos anos por máis de 10.000 euros. Podo continuar co relato. Fala de recortes deste goberno, e todo é causado polo seu facer, todo sen proposta de gasto, sen retención de crédito, sen procedemento. Debe saber que este goberno non fai un só gasto sen proposta e retención de crédito, para os gastos inferiores a 5.000 euros só a proposta, os de contía superior contrato menor e os que o superan co procedemento de contratación, todo conforme ao criterio dos técnicos. Non temos crédito para subvencións, vostede non deixou nada, a Corporación e os veciños deben saber que non hai cartos porque vostede e a súa compañeira dedicaron o ano pasado o convenio con EDP, 60.000 euros, a financiar as subvencións de concorrencia competitiva e este ano vostede e a súa compañeira decidiron financiar o Plan de Emprego Social, e agora veñen con que facemos recortes.

O presidente, consonte ao disposto no ROM da a palabra ao voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. García Carballido, quen di que cando o tripartito colleu o concello, PSdeG-PSOE, APIN e BNG, había débedas pendentes por 5 millóns de euros, facturas de todo tipo sen pagar gardadas en caixóns, e non se levou a cabo ningún recorte en cultura, deportes e coas asociacións. As facturas que quedaron pendentes foi polo rexeitamento do PP e dunha concelleira do Partido Galego, máis de 3.000.000 de euros perdidos, e todo o que dixó e tamén os soportes dos colectores están subministrados a prezos de mercado. Nós ofrecemos os nosos catro votos para aprobar modificacións para pagar débedas a autónomos e emprendedores e para que non perdamos servizos. Vostede que tanto admira a Cabana e ao seu alcalde, por que non segue o seu exemplo?, por que non podemos ter escola de música e actividades como Cabana?. Ponteceso pode ter as mesmas ou máis que Cabana. Por que suprimen actividades? Por que recortan iso e o gastan na asesora e na concelleira de deportes? Non se pode tolerar que vostede recorte servizos e non faga como noutros concellos, e o que trae hoxe non xustifica para nada eses recortes. Convoque as axudas para as asociacións. Cando Noelia era a concelleira tíñanse todas esas actividades, e debe saber que xa empezou o curso, e os veciños demandan esas actividades. Reitero, convoque as subvencións e as actividades.

O presidente intervén e di ao Sr. García Carballido que ven a falar de que nós suprimimos o cicloturismo, e sabe que non é verdade, despois de moitos anos decidimos cambiar a outras parroquias do municipio e dar a coñecer outros lugares, este ano foi a Pazos e Xornes e para o vindeiro irá a outros lugares. Fala de que suprimimos o kayak, coincido con vostede que non é prato de bo gusto, pero encontramos un contrato de 18.100 euros de xuño de 2022 a xuño de 2023, e así como no verán ten afluencia e moitos participantes, no inverno non, e teremos a opción de volver a facelo cambiando o seu calendario. E referente ao curso de vela, isto xa é de traca, vostede ben sabe quen o organiza, non o sabe? Pois é a Deputación da Coruña e este ano faino noutros concellos, posto que é rotativo. Deixou as partidas de deportes esgotadas, sen fondos e con débedas, moitas, e sen contar cos técnicos. Vostede e Noelia son os responsables



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

de que este goberno non teña consignacións, nin fondos suficientes para as subvencións, tanto ás asociacións como para as festas e para as precitadas actividades deportivas e culturais. Encontramos débedas de todos os tipos, significativa é a da CMAT, unha compañeira súa, Mónica Rodríguez, chamouno para reclamarlle a débeda pendente, o mesmo co GALP e co GDR. Vostede non pagaba nada. Non entraba no meu pensar e proceder airear todos estes datos pero vostede e o seu proceder me obrigan. E venme a dicir do gasto nunha asesora, e compara con Carballo, pois Carballo conta con catro postos de persoal eventual e nós unha a media xornada cun custe de 14.280, igual que a concelleira de deportes e patrimonio, o gasto actual en dedicacións é inferior ao do seu goberno, estes gastos son de 36.000 euros para o alcalde fronte aos 47.758,30 seus, a suma de todas as dedicacións deste goberno son inferiores ás do seu, aquí están os datos. Minte señor Carballido e vostede sabeo, vostede e Noelia son os responsables de que non teñamos crédito para as asociacións, festas e actividades, deixaron todas as partidas sen nada. Co novo Orzamento Municipal cambiará todo isto, seguiremos os criterios dos técnicos e o que se faga a partir de aí será con procedemento e con respaldo orzamentario e será responsabilidade deste goberno, non agora, a responsabilidade é só súa.

O señor García Carballido quere volver a intervir, e o presidente dille que co ROM na man non é posible que esgotou as súas intervencións, amosando este a súa desconformidade e dicindo que é unha actitude antidemocrática, que debe deixar intervir aos restantes grupos, que para iso é o Pleno.

A presidencia remata o debate do rogo presentado consonte ao establecido no precitado artigo 54.1 do ROM.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás vinte horas e vinte minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretario accidental, asinando xunto co presidente.

O presidente

O secretario accidental

José Manuel Mato Martínez

Emilio Caínzos Quintás

*Documento asinado dixitalmente na marxe.